

competencias, as normas precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezoito de febreiro de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Corrección de erros.-Orde do 5 de febreiro de 2010 pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no ano 2010.

Advertido erro na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 28, do 11 de febreiro de 2010, cómpre facer a oportuna rectificación:

-Na páxina 1.721, artigo 1º, punto 1, onde di:

2º ESO	300	200 "Vila inglesa" –unha semana-	Residencia	1.400 €	150 €
		100 Francés Francia –dúas semanas-	Residencia	1.400 €	150 €

Debe dicir:

2º ESO	300	200 "Vila inglesa" en territorio español–unha semana-	Residencia	1.400 €	150 €
		100 Francés Francia –dúas semanas-	Residencia	1.400 €	150 €

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 19 de febreiro de 2010 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2010.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, atribúelle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20º da Constitución española.

A Lei 13/2009, do 3 de decembro, de servizos sociais, establece, no seu artigo 53, que nos orzamentos xerais da comunidade autónoma se consignarán as cantidades necesarias para facer fronte ao cumprimento dos gastos derivados do exercicio das competencias da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais, así como á súa participación no financiamento de servizos, programas e prestacións do sistema. Así mesmo, o artigo 54 expresa a obriga dos concellos de consignar nos seus orzamentos as cantidades necesarias para a creación, o mantemento, a xestión e o desenvolvemento dos servizos sociais da súa competencia.

A Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, así como no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traba-

llo e Benestar, é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de servizos sociais.

Na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento das subvencións previstas nesta orde, nos estados de gastos correspondentes á Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

Esta orde regula a convocatoria de subvencións ás corporacións locais para o cofinanciamento de programas sociais desenvolvidos polos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, tanto dos programas básicos que son obxecto do denominado Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais, como doutros programas de actuación, nun primeiro nivel, con sectores de poboación con problemáticas diferenciadas, proxectos destinados a garantir a accesibilidade e supresión de barreiras, servizos de proximidade para a atención ás persoas en situación de dependencia, programas para a educación familiar, investimentos en equipamentos de servizos sociais e proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, todos eles executados polas corporacións locais de Galicia, de conformidade co establecido na normativa estatal básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do regulamento que a desenvolve, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no regulamento que a desenvolve, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, normativa a que, en consecuencia, se adaptará esta orde, atendendo, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia,

concorrenza, obxectividade e igualdade e non-discriminación.

Prevese nesta orde o financiamento necesario para a xestión por parte dos servizos sociais dos concellos dos servizos de competencia municipal orientados á atención a persoas en situación de dependencia, nomeadamente o servizo público de axuda no fogar regulado na Orde do 22 de xaneiro de 2009. Este servizo está incluído no catálogo de prestacións e servizos establecidos como dereito na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, prestacións que se integran no sistema galego de servizos sociais mediante o Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tanto os programas básicos de servizos sociais comunitarios municipais que son obxecto do denominado Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais, como os proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano, e tamén o servizo de axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes son cofinanciados pola Administración do Estado, a través do Ministerio de Sanidade e Política Social, mediante achegas económicas que se veñen a sumar ás realizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar.

Por outra parte cómpre subliñar que, a diferenza de exercicios anteriores, a consecuencia da modificación da estrutura orgánica da Xunta de Galicia e dos seus departamentos operada polo Decreto 79/2009, do 19 de abril, e polo Decreto 83/2009, do 21 de abril, concretamente debido á integración nun mesmo centro directivo, a Secretaría Xeral de Familia e Benestar, das competencias en materia de familia e de cooperación coas corporacións locais en materia de servizos sociais, incorpórase ao obxecto desta orde o financiamento do desenvolvemento do programa para a educación familiar por persoal técnico de servizos sociais de corporacións locais, que ata agora viña sendo obxecto doutra convocatoria separada coa que se establecían regras de compatibilidade de subvencións, como un dos programas municipais de servizos sociais comunitarios prioritarios da convocatoria, incluíndo nesta orde todos os créditos dispoñibles na Consellería de Traballo e Benestar para o financiamento do dito programa para a educación familiar, que desta maneira queda plenamente integrado en todos os ámbitos, tamén no ámbito financeiro, na esfera dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.

En virtude do exposto anteriormente, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, desenvolvida polo Decreto 79/2009, do 19 de abril, o Decreto 83/2009, do 21 de abril, e mais o Decreto 335/2009, do 11 de xuño,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto regular as bases polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás corporacións locais para o cofinanciamento dos servizos sociais da súa competencia e proceder á súa convocatoria.

Artigo 2º.-*Servizos sociais subvencionables.*

Terán o carácter de subvencionables os seguintes servizos sociais:

1. Servizos sociais comunitarios de competencia municipal, nas súas modalidades de:

1.1. Servizos sociais comunitarios básicos, de carácter polivalente, que garantan o acceso universal ao sistema de servizos sociais. Mediante estes servizos, prestados desde os centros municipais de servizos sociais, asegurárase o exercicio das seguintes funcións:

- a) O estudo e diagnóstico social.
- b) A elaboración dun plan de intervención comunitario.
- c) A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.
- d) A atención das situacións familiares e individuais, a información en relación coas demandas presentadas, o diagnóstico e a valoración técnica previa e a consecuente intervención no caso.
- e) A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social.
- f) A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.
- g) A información, a orientación e o asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais.
- h) O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.

Dentro das actividades que se desenvolvan nos centros municipais de servizos sociais, serán obxecto de financiamento os programas básicos de información, orientación e asesoramento; de axuda no fogar e apoio á unidade de convivencia; de prevención e inserción social; de aloxamento alternativo; de fomento da cooperación social e todos aqueles que se leven a cabo para o exercicio das funcións anteriormente enumeradas, incluíndo tamén o programa para a educación familiar.

Enténdese por programa para a educación familiar o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias co obxectivo de detectar, previr e superar as situacións de dificultade, promovendo procesos de cambio que favorezan un axeitado exercicio das funcións familiares, así como a autonomía, a responsabilidade e a participación social das persoas, grupos e comunidades.

1.2. Servizos sociais comunitarios específicos mediante os cales se desenvolvan programas e xestionen centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, tales como persoas maiores, persoas con discapacidade, colectivos en risco de pobreza e exclusión social, etc... procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Os ditos servizos poderán prestarse nos seguintes equipamentos:

-Centros de servizos sociais.

-Centros de acollida.

-Albergues e outros equipamentos de inclusión social.

-Outros equipamentos de apoio ao traballo social comunitario.

1.3. Ademais, para os efectos de garantir a dispoñibilidade dos recursos necesarios para a xestión dos servizos de competencia municipal incluídos no catálogo establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, financiarase especificamente o servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada de acordo co procedemento establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia e as normas que o desenvolven.

En todo caso, a organización do servizo de axuda no fogar municipal rexeráse polo disposto na Orde do 22 de xaneiro de 2009, e as corporacións locais titulares do servizo xestionarán e recadarán as contías que, en concepto de participación no financiamento do custo do servizo, lles corresponda aboar ás persoas usuarias, de acordo coa súa capacidade económica, en aplicación dos criterios de copagamento establecidos na dita orde, que serán de obrigado cumprimento.

2. Proxectos de desenvolvemento do pobo xitano executados polas corporacións locais de Galicia, que se financiarán de forma autónoma e separada respecto das actuacións enumeradas nos parágrafos anteriores.

Artigo 3º.-*Tipos de subvencións.*

Os tipos de subvencións que se poderán solicitar son os seguintes:

1. Para financiamento de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal nas seguintes modalidades:

a) Gastos derivados da retribución do persoal adscrito aos ditos servizos, incluído o persoal técnico que desenvolve o programa para a educación familiar.

b) Gastos de mantemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, comprendendo exclusivamente os gastos de desprazamento do persoal técnico por razóns de servizo, os gastos derivados da súa formación continua, e os gastos de funcionamento de centros directa e inmediatamente destinados á prestación de servizos a persoas usuarias do sistema, tales como albergues, centros de acollida, centros ocupacionais, etc... Exclúese o financiamento dos gastos de mero mantemento de instalacións e equipamentos (auga corrente, enerxía eléctrica, subministracións de materiais consumibles, etc...) correspondentes ás oficinas municipais de servizos sociais comunitarios, que en todo caso serán por conta da corporación.

c) Gastos derivados da prestación do servizo de axuda no fogar na súa modalidade de prestación básica, dirixida a atender unidades familiares ou usuarios individuais que non teñan un dereito recoñecido polos órganos competentes no marco do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

d) Gastos derivados da prestación do servizo de axuda no fogar na súa modalidade de atención a persoas valoradas como dependentes de acordo co procedemento establecido.

e) Gastos de xestión e realización doutros programas de servizos sociais comunitarios, tanto os de carácter básico ou polivalente, destinados á poboación en xeral, como os de carácter específico ou sectorial, destinados aos sectores de poboación con problemáticas diferenciadas. Terán consideración prioritaria para o seu financiamento o programa para a educación familiar e os que desenvolvan as actuacións relacionadas no anexo XII. Exclúese, como regra xeral, o financiamento da concesión de subvencións ou prestacións económicas polas corporacións locais.

f) Investimentos de capital, que comprendan:

-Adquisición de inmobles.

-Construción de nova planta.

-Reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento de edificios e instalacións.

-Accesibilidade e supresión de barreiras.

-Redacción ou elaboración de proxectos de obra para as finalidades enumeradas nos tres puntos anteriores.

-Equipamento mobiliario, financiándose exclusivamente os equipamentos directa e inmediatamente destinados á prestación de servizos sociais e excluíndose o financiamento dos equipamentos para

oficinas municipais de servizos sociais comunitarios (mobiliario de oficina, equipamentos informáticos, material de arquivo, etc...), por entender que deben ser asumidos polas corporacións locais titulares dos ditos servizos.

2. Para financiamento da execución de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.

3. As corporacións locais beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde unicamente poderán subcontratar a xestión e realización dos programas e a prestación dos servizos sociais a que se refiren as letras c), d) e e) do punto 1, así como a execución dos investimentos de capital relacionados na letra f) do mesmo punto 1, agás a adquisición de inmobles, e poderán, nesos supostos, subcontratar o 100% do importe de cada un dos correspondentes programas, investimentos ou proxectos subvencionados, de conformidade co previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No tocante aos proxectos de desenvolvemento do pobo xitano enunciados no punto 2, a subcontratación non poderá superar o 80% do total concedido.

En todo caso, consonte o establecido no artigo 43.3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta administración concedente poderá realizar as actuacións necesarias para comprobar o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

Artigo 4º.-Beneficiarios.

1. Poderán solicitar as subvencións que se regulan nesta orde as corporacións locais galegas que desexen implantar ou teñan a titularidade dos centros, programas, proxectos ou servizos que se mencionan nos artigos anteriores, para o que deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

2. Enténdense incluídas no número anterior as mancomunidades de municipios. Cando se trate de agrupacións de feito acordadas para o desenvolvemento compartido de servizos obxecto desta orde, os concellos agrupados deberán xustificar no expediente de solicitude a complementariedade e a non duplicidade das subvencións solicitadas. En ambos os casos a solicitude conxunta de subvención para o desenvolvemento dun servizo ou programa exclúe a posibilidade de solicitude individual para a mesma modalidade de subvención.

3. En todo caso para que as corporacións locais solicitantes poidan resultar beneficiarias destas subvencións será requisito indispensable que realicen unha achega económica destinada ao cofinanciamento dos centros, programas, proxectos ou servizos subvencionables que acade, como mínimo, o 6% do orzamento total do proxecto de servizos sociais proposto na súa solicitude, tanto no caso de solicitudes de subvencións para o financiamento de servizos sociais comunitarios municipais en xeral, como no caso de solicitudes de subvencións para o financia-

mento de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.

4. Para a determinación desta achega municipal computarase o importe total das contías destinadas polas corporacións locais para o cofinanciamento das subvencións solicitadas ao abeiro nesta orde, tanto no caso de que se financien con cargo aos seus recursos propios como no suposto de que se financien con cargo a outras axudas, ingresos, recursos, ou subvencións distintas das reguladas nesta orde.

Na achega municipal para o financiamento de servizos sociais comunitarios municipais en xeral incluírase tamén o importe dos gastos soportados polas corporacións locais para o mantemento de instalacións e equipamentos correspondentes ás oficinas municipais de servizos sociais comunitarios, dos gastos derivados da concesión de subvencións ou prestacións económicas locais de indubidable carácter social, así como dos gastos de equipamento mobiliario dos servizos sociais comunitarios municipais que, aínda que non son subvencionables a través desta orde consonte o previsto no número 1 do artigo anterior, si resultan necesarios para o adecuado funcionamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.

Na achega municipal para o financiamento de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano incluírase o importe total das contías destinadas polas corporacións locais para tal finalidade, e poderá computar o importe proporcional dos gastos soportados polas corporacións locais para o mantemento de instalacións e equipamentos correspondentes ás oficinas municipais de servizos sociais que se poidan imputar directamente á execución de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, así como os gastos de equipamento mobiliario que realicen as corporacións locais para o desenvolvemento destes proxectos.

En ningún caso poderá computarse un mesmo gasto para a determinación da achega municipal para o financiamento de servizos sociais comunitarios municipais en xeral e mais para a determinación da achega municipal para o financiamento de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.

Para estes efectos terase en conta o disposto no artigo 54 da Lei 13/2009, do 3 de decembro, de servizos sociais.

Artigo 5º.-Compatibilidade con outras subvencións.

1. As subvencións para o financiamento de gastos de persoal concedidas ao abeiro desta orde son incompatibles coas subvencións para o financiamento dos gastos de persoal dos centros de información á muller.

2. Nos demais supostos o único límite á compatibilidade con outras subvencións vén dado pola regra xeral do artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que establece que o

importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 6º.-Renovación de subvencions.

Considérase obxectivo de financiamento prioritario para o exercicio 2010 o da renovación das subvencións outorgadas ás corporacións locais durante o exercicio 2009 para os gastos de persoal e de prestación do servizo de axuda no fogar, sempre que foran adecuadamente xustificadas no seu día, e de conformidade coas seguintes condicións:

a) A contía referente aos gastos de persoal calcularase en función da concedida para o ano 2009, cun incremento igual ao sinalado na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para

2010 para 2010, respecto ao persoal ao seu servizo, aplicando os módulos recollidos no anexo XIII.

b) Na renovación das subvencións para o financiamento do servizo de axuda no fogar diferénciase entre as dúas modalidades de acceso ao servizo establecidas no artigo 13 da Orde do 22 de xaneiro de 2009:

-Consonte o disposto no artigo 16 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, as subvencións concedidas en 2009 para o financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes renovaranse para o exercicio 2010, aplicando os seguintes módulos económicos, segundo o grao e nivel de dependencia e a modalidade de asignación do recurso (servizo de axuda no fogar como recurso idóneo con dedicación completa, servizo de axuda no fogar como recurso idóneo con dedicación compartida e servizo de axuda no fogar como respiro):

Renovación das subvencións para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

A persoas en situación de dependencia en 2010

Grao e nivel de dependencia	3.2 (SAF recurso idóneo-dedicación completa)	3.1 (SAF recurso idóneo-dedicación completa)	2.2 (SAF recurso idóneo-dedicación completa)	2.1 (SAF recurso idóneo-dedicación completa)	3.2 (SAF recurso idóneo-dedicación media)	3.1 (SAF recurso idóneo-dedicación media)	2.2 (SAF recurso idóneo-dedicación media)	2.1 (SAF recurso idóneo-dedicación media)	3.2 (SAF respiro)	3.1 (SAF respiro)	2.2 (SAF respiro)
Contía da renovación	10.368 €	7.560 €	5.544 €	4.032 €	5.184 €	3.780 €	2.772 €	2.016 €	3.456 €	2.160 €	1.512 €

-As subvencións concedidas en 2009 para o financiamento do servizo de axuda no fogar a familias e a persoas non incluídas no punto anterior (programa básico ou prestación básica de axuda no fogar) renovaranse para o exercicio 2010 por contía non inferior á concedida e adecuadamente xustificada no pasado exercicio para esta mesma finalidade. Con carácter xeral non se concederán incrementos para axuda no fogar a familias e persoas que non estean valoradas como dependentes. Ademais, na formulación da solicitude de subvención, deberán terse en conta as economías xeradas por razón da mudanza de modalidade de servizo de persoas que xa eran usuarias deste á nova modalidade de servizo de axuda no fogar para persoas valoradas como dependentes.

c) Para a concesión da subvención no exercicio 2010 será necesaria a correcta e completa presentación, con carácter previo, da avaliación do ano 2009, segundo o modelo establecido, dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia-Consellería de Traballo e Benestar (www.xunta.es-a Xunta nun clic: Traballo e Benestar-Benestar-Comunidade/Inclusión-Plans-Modelos para a avaliación do Plan Concertado e do Plan Xitano). O dito modelo segue as clasificacións do Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS), ficha social informatizada implantada en todas as corporacións locais galegas, para cuxo manexo contan co apoio técnico da Secretaría Xeral de Familia e Benestar. En todo caso será indispensable para obter a renovación das subvencións para axuda no fogar outorgadas no exercicio 2009 dar conta do cumprimento do programa median-

te unha relación detallada de todas as persoas usuarias do servizo municipal de axuda no fogar atendidas ao longo do exercicio 2009, distinguindo as usuarias da prestación básica e as usuarias da prestación de axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes, e especificando: situación do seu expediente, horas de atención, grao e nivel de dependencia e plan individualizado de atención, de ser o caso, e todos os demais datos requiridos no correspondente modelo ou anexo da ficha de avaliación.

No caso das corporacións locais que foron beneficiarias de subvencións para o desenvolvemento programa para a educación familiar ao abeiro da convocatoria da Orde do 7 de setembro de 2009, para poder continuar recibindo subvencións para tal finalidade ao abeiro desta convocatoria deberán presentar, ademais, a memoria xustificativa deste programa correspondente ao ano 2009 segundo o modelo do anexo IV da dita Orde do 7 de setembro de 2009.

d) A renovación da subvención queda condicionada á continuidade das circunstancias que fundamentaron a súa concesión en anos anteriores e, en concreto, á continuidade na prestación dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal nas mesmas condicións de dotación de persoal.

Artigo 7º.-Incrementos de financiamento da prestación de axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes.

Ademais do financiamento consolidado de acordo co establecido no artigo anterior, poderá solicitarse

incremento de financiamento para atender novas incorporacións ao servizo de axuda no fogar durante 2010 de persoas con valoración da dependencia dos graos e niveis que correspondan de conformidade co calendario legal de implantación do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia: grao 3 nivel 2, grao 3 nivel 1, grao 2 nivel 2 e grao 2 nivel 1.

Artigo 8º.-Financiamento.

1. Para a concesión das subvencións reguladas nesta orde, existe crédito adecuado e suficiente previsto na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2010:

a) Para o ano 2010, por un importe total de 47.523.295 €, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias, de conformidade coa seguinte distribución:

-Transferencias correntes, capítulo IV (para financiamento de gastos de persoal, mantemento e xestión de programas de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e para proxectos de desenvolvemento do pobo xitano):

Servizos sociais comunitarios de titularidade municipal:

*12.02.312D.460.0, por importe de 23.066.839 €.

*12.02.312A.460.0, por importe de 700.000 €.

*12.02.313C.460.2, por importe de 16.056.456 €.

*12.02.313C.460.3, por importe de 6.700.000 €.

Proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano:

*12.02.312F.460.2, por importe de 800.000 €.

-Transferencias de capital, capítulo VII (para financiamento de investimentos de capital: adquisición de inmobles, obras, accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas, redacción de proxectos, equipamento mobiliario):

*12.02.312E.761.0, por importe de 200.000 €.

2. Se é o caso, poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual de acordo co establecido no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, con cargo aos anos e aplicacións orzamentarias que se citan:

-Ano 2011:

*12.02.312E.761.0, por importe de 350.000 €.

*12.02.313C.760.0, por importe de 694.578,80 €.

-Ano 2012:

*12.02.312E.761.0, por importe de 300.000 €.

*12.02.313C.760.0, por importe de 972.556,40 €.

-Ano 2013:

*12.02.312E.761.0, por importe de 250.000 €.

*12.02.313C.760.0, por importe de 810.472 €.

-Ano 2014:

*12.02.312E.761.0, por importe de 250.000 €.

*12.02.313C.760.0, por importe de 810.472 €.

3. As corporacións locais cofinanciarán a prestación dos servizos sociais comunitarios da súa competencia e mais os proxectos de desenvolvemento do pobo xitano que constitúen o obxecto desta orde cunha achega mínima do 6% do orzamento total proposto na súa solicitude para o proxecto municipal de servizos sociais ou para o desenvolvemento do pobo xitano correspondente ao exercicio 2010.

Artigo 9º.-Solicitudes.

1. As solicitudes de subvencións formularanse nos modelos oficiais normalizados que se publican como anexo I e anexo II desta orde:

-Anexo I para solicitudes de financiamento de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, tanto de carácter básico ou polivalente, abertos á comunidade, como de carácter específico ou sectorial, centrados en grupos con problemáticas identificadas e singulares.

-Anexo II, para solicitudes de financiamento de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano executados por corporacións locais.

2. Todas as peticións de subvencións para servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, tanto de carácter básico como de carácter específico, incluídas as de renovación de subvencións concedidas no exercicio anterior reguladas no artigo 6º, realizaranse nunha única solicitude, á cal se xuntará unha memoria individualizada, asinada polo técnico competente, para cada un dos servizos, programas e investimentos para os que se solicite a subvención, incluíndo a xustificación da subvención solicitada para gastos de mantemento, de ser o caso, de conformidade co previsto no artigo 3º.1 b).

3. Todas as peticións de subvencións para a execución de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano se realizarán nunha única solicitude, á cal se xuntará unha memoria, asinada polo técnico competente, xustificativa das actuacións incluídas dentro do proxecto para o que se solicite a subvención.

4. As solicitudes e a documentación requirida presentaranse, de conformidade cos modelos oficiais normalizados, nas oficinas de rexistro da Administración autonómica ou en calquera rexistro público, sen prexuízo da resolución ulterior do expediente polo órgano competente, de conformidade co disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10º.-Publicidade.

1. De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública

galega, a Consellería de Traballo e Benestar publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

2. De acordo coa disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a corporación local solicitante consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso, no rexistro público de axudas, subvencións, convenios e sancións.

Artigo 11º.-*Documentación.*

1. As solicitudes para o financiamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, tanto de carácter básico como de carácter específico, deberán ir acompañadas da documentación seguinte.

1.1. Documentación xeral:

a) Certificacións do órgano correspondente da corporación local, en que conste o seguinte:

-A contía total da achega da corporación local (ou corporacións locais, no caso de compartir o servizo) destinada ao cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, tanto de carácter básico como de carácter específico, e dos investimentos de capital en servizos sociais incluídos no proxecto presentado para a solicitude da subvención (segundo o modelo do anexo III). Esta achega deberá computarse consonte os criterios establecidos no artigo 4º.3 desta orde.

-Acordo do órgano competente da corporación local de solicitude da subvención e, no caso de continuidade, declaración expresa de que se seguen a prestar os servizos, cando menos nas mesmas condicións do ano anterior.

-Se a dita solicitude se fixese mediante resolución da Alcaldía ou Xunta de Goberno Local, deberá achegarse certificación acreditativa de que lle deu conta ao Pleno da corporación local do contido da solicitude ou, subsidiariamente certificación acreditativa de que se fixo entrega dunha copia da acta de sesión da Xunta de Goberno Local ou da resolución da Alcaldía en que se acordou a solicitude a todos os membros da corporación.

b) Relación, certificada polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa da natureza da vinculación, laboral ou funcionarial, do persoal adscrito aos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, e do seu grao de estabilidade, fixo, indefinido ou temporal, no seu posto de traballo, especificando así mesmo se as súas retribucións se financian a través das subvencións obxecto desta convocatoria

ou con cargo a outros recursos (segundo o modelo do anexo IV).

c) Declaración da corporación local peticionaria da subvención en que figure o conxunto das subvencións e axudas solicitadas, tanto as efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas, así como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, procedentes das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como calquera outro ingreso ou recurso financeiro que teña como finalidade cofinanciar as actuacións obxecto da subvención (segundo o modelo do anexo V).

d) Ficha de solicitude de transferencia bancaria xunto coa certificación bancaria das contas correntes en que se ingresará, de ser o caso, o importe da subvención concedida (segundo o modelo do anexo VI).

e) Declaración do presidente ou representante legal da corporación local que dea conta da plena incorporación da ficha social SIUSS (Sistema de Información dos Usuarios de Servizos Sociais) á xestión dos servizos sociais comunitarios da dita corporación (segundo o modelo do anexo VII).

f) Certificación emitida polo órgano correspondente da corporación local que acredite a aprobación da correspondente ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar, de conformidade co establecido na Orde do 22 de xaneiro de 2009, así como a solicitude da preceptiva autorización do dito servizo segundo o disposto no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

g) Memoria individualizada, asinada polo técnico competente do departamento de servizos sociais da corporación, para cada un dos servizos, programas e investimentos para os que se solicite a subvención, incluíndo a xustificación da subvención solicitada para gastos de mantemento, de ser o caso, de conformidade co previsto no artigo 3º.1 b).

h) A memoria financeira e a ficha de avaliación xustificativas da execución dos programas realizados durante o ano 2009, cando non estivese xa presentada, incluíndo a memoria xustificativa do desenvolvemento do programa para a educación familiar no ano 2009, segundo o modelo do anexo IV da Orde do 7 de setembro de 2009, no caso das corporacións locais que foron beneficiarias de subvencións para o desenvolvemento programa para a educación familiar ao abeiro da dita Orde do 7 de setembro de 2009.

1.2. Documentación específica para as solicitudes de subvencións en que se inclúan gastos de investimento de capital:

a) Adquisición de bens inmobles:

-Certificación do órgano correspondente da corporación local en que se acredite a súa participación no orzamento da adquisición (segundo o modelo do anexo VIII).

-Certificación do Rexistro da Propiedade en que se acredite que o inmovible obxecto de adquisición está libre de cargas, así como a titularidade deste por parte do vendedor.

-Documento de opción de compra, en que se indicará a data de caducidade da devandita opción, así como o seu prezo.

-Certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, segundo o previsto no artigo 28.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Memoria, asinada polo técnico do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa da necesidade e viabilidade do equipamento solicitado para mellorar a prestación dos servizos sociais que lle competen.

b) Construción, reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento (incluídos os proxectos de obra destinados a garantir a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas):

-Certificación do órgano correspondente da corporación local en que se acredite a súa participación no orzamento da obra que se vaia realizar (segundo o modelo do anexo VIII).

-Certificación do órgano correspondente da corporación local en que se acredite o dominio do solicitante sobre o inmovible en que se pretende realizar a obra ou, se este é alugado ou cedido, certificación en que se fagan constar as condicións da cesión ou aluguer, así como a conformidade do propietario coas obras que se pretenden realizar. Para o financiamento de obras é necesario que a cesión ou aluguer teña unha duración mínima de 20 anos, de acordo co establecido no artigo 29 do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

-Certificación do órgano correspondente da corporación local en que se faga constar que os plans urbanísticos aprobados e as ordenanzas municipais en vigor permiten a realización da obra que se proxecta.

-Proxecto básico das obras que se van realizar ou, no seu defecto, cando a súa redacción non resulte necesaria de acordo coas normas específicas aplicables en función da propia envergadura da obra, memoria e orzamento detallado, asinados por técnico competente, debendo xustificar, en todo caso: a necesidade das obras, o cumprimento da legalidade vixente en materia de accesibilidade e de seguridade e do resto da lexislación de xeral aplicación, en concreto do disposto no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, en especial, as previsións do seu artigo 7 relativos aos requisitos xerais que deben cumprir os centros de servizos sociais, así como a inexistencia no contorno da obra proxectada de actividades insalubres, molestas, nocivas ou perigosas ou doutras circunstancias que

puideran condicionar o bo funcionamento do centro proxectado.

Os proxectos de obra deberán achegarse preferentemente en soporte informático.

-Plano da parcela, con indicación de superficie, topografía, orientación, servidumes e infraestruturas existentes, que poderá achegarse en soporte informático.

-Memoria, asinada polo técnico do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa da necesidade e viabilidade do equipamento solicitado para mellorar a prestación dos servizos sociais que lle competen.

c) Redacción ou elaboración de proxectos de obra:

-Certificación do órgano correspondente da corporación local en que se acredite a súa participación no orzamento da redacción do correspondente proxecto de obra (segundo o modelo do anexo VIII).

-Certificación do órgano correspondente da corporación local en que se acredite o dominio do solicitante sobre o inmovible en que se pretende realizar a obra ou, se este é alugado ou cedido, certificación en que se fagan constar as condicións da cesión ou aluguer, así como a conformidade do propietario coas obras que se pretenden realizar. Para o financiamento de proxectos de obra é necesario que a cesión ou aluguer teña unha duración mínima de 20 anos, de acordo co establecido no artigo 29 do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

-Certificación do órgano correspondente da corporación local en que se faga constar que os plans urbanísticos aprobados e as ordenanzas municipais en vigor permiten a realización da obra cuxo proxecto se propón redactar.

-Plano da parcela, con indicación de superficie, topografía, orientación, servidumes e infraestruturas existentes, que poderá achegarse en soporte informático.

-Memoria, asinada polo técnico do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa da necesidade e viabilidade do equipamento solicitado para mellorar a prestación dos servizos sociais que lle competen.

d) Equipamento mobiliario (incluídos os destinados a garantir a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas):

-Certificación da corporación en que se acredite a súa participación no orzamento do equipamento mobiliario que proxecte adquirir (segundo o modelo do anexo VIII).

-Certificación do órgano correspondente da corporación local que acredite o dominio do solicitante sobre o centro ou inmovible que se vaia equipar ou, se este é alugado ou cedido, certificación en que se faga constar as condicións da cesión ou aluguer. Para o

financiamento da adquisición do equipamento mobiliario dun centro é necesario que a cesión ou aluguer deste teñan unha duración mínima de 5 anos, de conformidade co establecido no artigo 29 do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

-Orzamento das adquisicións que se pretendan realizar elaborado por unha empresa subministradora.

-Memoria, asinada por técnico do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa da necesidade do equipamento mobiliario solicitado para mellorar a prestación dos servizos sociais que lle competen.

2. As solicitudes para o financiamento de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano deberán ir acompañadas da documentación seguinte:

a) Certificación do órgano correspondente da corporación local, en que conste a contía da achega da corporación local (ou corporacións locais, no caso de compartir o servizo) destinada á execución de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano (segundo o modelo do anexo IX). Esta achega deberá computarse consonte os criterios establecidos no artigo 4º.3 desta orde.

b) Certificación do órgano correspondente da corporación local, en que conste o acordo do órgano competente da corporación local para solicitar a subvención.

c) Declaración da corporación local peticionaria da subvención en que figure o conxunto das subvencións e axudas solicitadas, tanto as efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas, así como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, procedentes das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como calquera outro ingreso ou recurso previsto que teña como finalidade cofinanciar as actuacións obxecto da subvención (segundo o modelo do anexo V).

d) Memoria, asinada por técnico do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa das actuacións incluídas dentro do proxecto para o que se solicite a subvención, que deberán adecuarse ás actuacións prioritarias para o 2010 relacionadas no anexo X.

Artigo 12º.-*Prazo de presentación das solicitudes.*

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

Artigo 13º.-*Emenda da solicitude.*

As unidades administrativas da Secretaría Xeral de Familia e Benestar responsables da tramitación dos procedementos de concesión de subvencións regulados nesta orde comprobarán que as solicitudes reúnen todos os requisitos exixidos. Se unha solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, requirirase o interesado para que, no prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará que desiste da súa solicitude, e procederase conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 14º.-*Tramitación e comisión de valoración.*

1. Unha vez revisados os expedientes e formalmente completos, remitiranse, no caso de solicitudes relativas a servizos sociais comunitarios de titularidade municipal en xeral, á comisión de valoración das solicitudes para o financiamento de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e, no caso de solicitudes relativas a proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, á comisión de valoración do plan xitano.

A composición das comisións de valoración será a seguinte:

a) Comisión de valoración das solicitudes para o financiamento de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal:

-Presidenta: secretaria xeral de Familia e Benestar.

-Vicepresidente: subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais.

-Vogais: tres persoas ao servizo da Secretaría Xeral de Familia e Benestar designadas pola persoa titular deste centro directivo, dúas designadas preferentemente entre o persoal adscrito ao Servizo de Cooperación coas Corporacións Locais, e outra, entre o persoal adscrito ao Servizo de Familia e Programas Especiais. Actuará como secretario/a un dos vogais.

b) Comisión de valoración dos proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano:

-Presidenta: secretaria xeral de Familia e Benestar.

-Vicepresidente: subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais.

-Vogais: dúas persoas ao servizo da Secretaría Xeral de Familia e Benestar designados pola persoa titular deste centro directivo, a ser posible, entre o persoal adscrito ao Servizo de Inclusión Social. Actuará como secretario/a un dos vogais.

2. Se, por calquera causa, no momento en que a correspondente comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído polo funcionario que para os efectos designe o seu presidente.

Artigo 15º.-*Criterios de valoración das solicitudes.*

1. Para a valoración das solicitudes de subvencións para o financiamento de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, despois de garantir o obxectivo prioritario de financiamento da renovación das subvencións outorgadas ás corporacións locais durante o exercicio 2009 para os conceptos de persoal e axuda no fogar dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal nos termos previstos no artigo 6º desta orde, a correspondente comisión de valoración aplicará os seguintes criterios, entre os que se inclúen as condicións establecidas polo artigo 7 do Decreto 240/1995, do 28 de xullo, regulador da atención primaria, para a participación da Xunta de Galicia no financiamento dos servizos sociais de titularidade municipal, segundo a súa importancia, sinalada en termos de porcentaxe:

-A adecuación dos servizos á planificación e ás ratios de cobertura da Xunta de Galicia: 30%.

-O maior grao de cumprimento da normativa en materia de equipamentos e programas básicos: 15%. Para facilitar a valoración deste extremo, con anterioridade á reunión da comisión de valoración, a secretaria xeral de Familia e Benestar, como presidenta desta, poderá solicitar e incorporar ao expediente informe ao respecto da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros. En particular, para a concesión de subvencións para o financiamento de investimentos de capital, terase en conta a situación dos expedientes de autorización e permiso de inicio de actividade dos centros destinados á prestación de servizos sociais dependentes das corporacións locais solicitantes.

-Os resultados da avaliación do desenvolvemento das actividades dos servizos sociais comunitarios en anos anteriores: 15%.

-O esforzo orzamentario das corporacións locais en materia de servizos sociais, sempre que supere o mínimo do 6% do orzamento total do proxecto de servizos sociais proposto na solicitude: 15%.

-A estabilidade no seu posto de traballo do persoal municipal que presta servizos adscrito aos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal: 10%.

-A maior e máis completa información correctamente rexistrada na ficha social SIUSS (Sistema de Información dos Usuarios de Servizos Sociais) polos servizos sociais comunitarios da corporación local solicitante, como indicador de bo funcionamento e ordenada xestión: 10%.

-O emprego da lingua galega na realización das actividades para a que se solicita a subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º 1) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5%

2. Para a valoración das solicitudes de subvencións para execución de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, a correspondente comisión de valoración

aplicará os seguintes criterios, segundo a súa importancia, sinalada en termos de porcentaxe:

-A adecuación dos proxectos ás actuacións prioritarias para o 2010, dentro do plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano en Galicia, que se relacionan no anexo X: 30%.

-O número de destinatarios potenciais do proxecto residentes dentro do termo municipal: 20%.

-A continuidade dos proxectos desenvolvidos en anos anteriores e os resultados da súa avaliación: 15%.

-O carácter integral dos proxectos de maneira que se aborden conxuntamente actuacións en máis dunha das áreas sinaladas no anexo X: 10%.

-O esforzo orzamentario das corporacións locais en materia de servizos sociais, sempre que supere o mínimo do 6% do orzamento total do proxecto de servizos sociais proposto na solicitude: 10%.

-A coordinación dos proxectos das corporacións locais cos desenvolvidos por outras entidades, evitando crear redes paralelas de atención e duplicación de recursos: 10%.

-O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º 1) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5%.

Artigo 16º.-*Resolución.*

1. A resolución de concesión das subvencións, por proposta da comisión de valoración correspondente e despois da preceptiva fiscalización pola Intervención Delegada, corresponderalle á secretaria xeral de Familia e Benestar, por delegación da conselleira de Traballo e Benestar.

2. As resolucións de concesión de subvencións serán motivadas e notificaranse ás corporacións locais no prazo de 6 meses, contados a partir do día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de acordo co establecido no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de 2 meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa; se non o fose, o prazo será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Non obstante, e de conformidade co disposto no artigo 44 da referida Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase requirir previamente o órgano que ditou a resolución no prazo de dous meses contados desde a notificación da resolución. O requirimento entenderase rexeitado se non fose contestado no mes seguinte á súa recepción.

Artigo 17º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou outros ingresos que financien as actividades subvencionadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. A suma das subvencións, axudas, ingresos ou recursos que puideran obter as corporacións locais beneficiarias para o mesmo concepto ou finalidade que as concedidas ao abeiro desta orde non poderá superar en ningún caso o 100% do custo total dos proxectos desenvolvidos.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución de concesión da subvención, a solicitude do beneficiario, sempre que se cumpran os requisitos do artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, e con carácter excepcional, poderanse efectuar resolucións complementarias, cando non fose posible resolver de maneira unitaria ou cando se produza unha ampliación do financiamento con cargo a fondos adicionais procedentes de renuncias de subvencións concedidas ou debido a un incremento dos créditos dispoñibles, nos termos establecidos polo artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste suposto só poderán atenderse solicitudes presentadas dentro do prazo establecido no artigo 11º desta orde.

En todo caso, estas resolucións complementarias outorgaranse consonte a valoración realizada no seu día á vista de todas as solicitudes validamente presentadas e formalmente completas, aplicando criterios de proporcionalidade, e destinaranse á cobertura das necesidades de financiamento adicionais xa constatadas na referida valoración das solicitudes, que non puideron ser cubertas polas resolucións iniciais de concesión de subvencións.

Artigo 18º.-Xustificación e pagamento das subvencións.

1. Para gastos correntes:

1.1. Ao abeiro do establecido no artigo 63.3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de febreiro de 2010, o pagamento das subvencións destinadas ao cofinanciamento de gastos correntes realizarase mediante un anticipo do 100% da subvención, no momento do seu

outorgamento. Para facer efectivo este pagamento anticipado, será necesario incorporar ao correspondente expediente de gasto a seguinte documentación:

-A certificación acreditativa da achega da corporación local.

-A declaración das subvencións e axudas solicitadas, tanto as efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas, así como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, procedentes das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como calquera outro ingreso ou recurso financeiro que teña como finalidade cofinanciar as actuacións obxecto da subvención (segundo o modelo do anexo V).

As corporacións locais beneficiarias deberán presentar, en todo caso, antes do 3 de febreiro do ano seguinte ao da execución das actuacións subvencionadas, certificación do órgano correspondente da corporación local en que se faga constar, a exercicio cerrado, a contía total do gasto realizado para cada un dos conceptos obxecto de subvención (segundo o modelo do anexo XI), especificando, ademais, os ingresos, recursos, axudas e subvencións efectivamente percibidos para a mesma finalidade consonte o previsto no número 3 deste artigo, así como a memoria financeira e a ficha de avaliación xustificativas da execución dos programas realizados durante o ano 2010, e mais a relación detallada das persoas usuarias do servizo municipal de axuda no fogar a que se fai referencia no número 5 deste artigo.

1.2. As actuacións obxecto destas subvencións deberán ser realizadas polas corporacións locais beneficiarias dentro do exercicio orzamentario 2010. Cando algunha das prestacións de servizos sociais municipais non se desenvolva na súa totalidade, por circunstancias que se acreditarán nos documentos correspondentes á ficha de avaliación do proxecto financiado, os remanentes de crédito que puidesen existir ao remate do exercicio quedarán adscritos ao mesmo programa de actuación de forma improrrogable para o exercicio seguinte.

2. Para gastos de investimento de capital:

2.1. O prazo de xustificación de subvencións para os investimentos de capital remata o 10 de novembro de 2010 para as subvencións referidas unicamente á anualidade de 2010 e, de ser o caso, o 10 de novembro da anualidade correspondente para subvencións de carácter plurianual que se estendan ás anualidades de exercicios futuros.

2.2. Para a xustificación de subvencións para investimentos de capital que comprendan a realización de obras de construción, reforma, mellora, acondicionamento ou eliminación de barreiras arquitectónicas, deberase presentar certificación ou certificacións de obra, factura ou facturas e certificación expedida polo órgano correspondente da corporación acreditativa da súa aprobación polo órgano competente, sen que sexa imprescindible que quede acreditada neste momento a efectividade do seu pagamento. Nos supostos en que a corporación local beneficiaria executase a obra sub-

vencionada pola Administración, deberanse achegar facturas xustificativas dos gastos derivados da adquisición de materiais, así como certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente, sen que sexa imprescindible que quede acreditada neste momento a efectividade do seu pagamento e, de ser o caso, certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa dos custos derivados da execución da obra por medio de persoal da corporación local, sen que sexa imprescindible que quede acreditada neste momento a efectividade do seu pagamento.

2.3. Para a xustificación das demais subvencións para investimentos de capital (adquisición de inmoables ou equipamento mobiliario), abondará con presentar facturas xustificativas dos correspondentes gastos realizados e certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente, sen que sexa imprescindible que quede acreditada neste momento a efectividade do seu pagamento ou, alternativamente, certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa da realización dos mencionados investimentos, dos importes investidos ou executados na acción subvencionada, e do destino dos investimentos subvencionados á finalidade de servizos sociais para a que foron solicitados, sen que sexa imprescindible que quede acreditada neste momento a efectividade do seu pagamento.

2.4. Para os distintos conceptos relativos a gastos de investimento de capital non se realizarán anticipos. Porén, poderán realizarse pagamentos á conta, ata o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, a medida que a corporación local beneficiaria presente certificacións acreditativas dos gastos realizados na execución das actividades obxecto de financiamento, de conformidade co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de febreiro de 2010. Nesta xustificación poderán incluírse os gastos realizados polas corporacións locais desde o 1 de xaneiro de 2010 nas actuacións obxecto destas subvencións para xustificar as subvencións concedidas con posterioridade ao abeiro desta orde.

2.5. Na presentación desta documentación xustificativa as corporacións locais beneficiarias deberán indicar expresamente se están a presentar unha xustificación parcial e a solicitar, en consecuencia, o correspondente pagamento parcial ou se, pola contra, están a presentar a xustificación total ou final do investimento subvencionado, e a solicitar, en consecuencia, o correspondente pagamento total ou final, en cuxo caso, deberán achegar, ademais, a documentación a que se fai referencia no parágrafo seguinte.

2.6. Ademais, no momento da xustificación da execución total ou final do investimento subvencionado e antes do derradeiro pagamento, as corporacións locais

beneficiarias deberán presentar unha certificación complementaria, emitida polo órgano correspondente da corporación local, que faga constar expresamente que o importe da subvención concedida foi destinado á finalidade obxecto de subvención, acompañada, para o caso de subvencións para execución de obras, dun informe do técnico municipal competente en materia de obras ou arquitecto director de obra, en que se certifique expresamente que a obra se executou segundo o proxecto aprobado que serviu de base á subvención e que cumpre coa legalidade vixente en materia de seguridade, accesibilidade e co resto da lexislación de xeral aplicación, e para o caso de subvencións para adquisición de equipamento mobiliario, informe do técnico municipal de servizos sociais en que se dea conta do equipamento adquirido e se certifique que se corresponde co que foi obxecto de subvención. Estes informes deberán ser visados polo alcalde presidente da corporación.

2.7. En todo caso, as corporacións locais beneficiarias deberán acreditar a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das corporacións locais de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.

3. No momento da xustificación da execución total do obxecto da subvención concedida, ou antes do derradeiro pagamento no caso das subvencións de investimentos de capital, as corporacións locais beneficiarias presentarán unha declaración complementaria do conxunto das subvencións e axudas solicitadas, tanto as efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas, así como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como calquera outro ingreso ou recurso financeiro que teña como finalidade cofinanciar as actuacións obxecto das subvencións concedidas ao abeiro desta orde (segundo o modelo do anexo V).

4. Transcorrido o prazo de xustificación sen se ter presentado esta, requirirase a corporación local beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades, e ocasionará, ademais, a perda do dereito á renovación das subvencións para futuros exercicios nas condicións previstas no artigo 6º desta orde.

5. Unha vez finalizado o exercicio 2010 e, en todo caso, coa data límite do 3 de febreiro de 2011, todas as corporacións locais beneficiarias deberán presentar unha memoria financeira e unha ficha de avaliación, xustificativas da execución dos programas realizados durante o ano 2010, segundo os modelos establecidos, dispoñibles na páxina web da Xunta de Galicia-Consellería de Traballo e Benestar (www.xunta.es-a Xunta nun clic: Traballo e Benestar-Benestar-Comunidade/Inclusión-Plans-Modelos para a avaliación do Plan Concertado e do Plan Xitano). Na ficha

de avaliación incluírase unha relación detallada de todas as persoas usuarias do servizo municipal de axuda no fogar atendidas ao longo do exercicio 2010, distinguindo as usuarias da prestación básica e as usuarias da prestación de axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes, e especificando: situación do seu expediente, horas de atención, grao e nivel de dependencia e plan individualizado de atención, de ser o caso, e todos os demais datos requiridos no correspondente modelo ou anexo da ficha de avaliación. En todo caso, esta relación de persoas usuarias do servizo municipal de axuda no fogar deberá corresponderse cos datos rexistrados pola propia corporación local na súa base de datos local de SIUSS a través do módulo axuda no fogar, e poderase obter esta información mediante a execución dunha consulta da súa base de datos local de SIUSS.

Artigo 19º.-Obrigas das corporacións locais beneficiarias da subvención.

1. As corporacións locais beneficiarias destas subvencións terán que cumprir coas obrigas xerais que, para os beneficiarios das subvencións, establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en particular as de:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Incluír, de ser o caso, os equipamentos adquiridos con cargo ás subvencións concedidas ao abeiro desta orde no inventario de bens e dereitos da corporación local beneficiaria.

h) Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3º do artigo 15 da propia Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) Tratar os datos de carácter persoal a que se teña acceso no desenvolvemento das actuacións subvencionadas ao abeiro desta orde segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

k) Facilitar toda a información acerca das persoas usuarias dos centros, programas e servizos sociais financiados a través desta orde que lles sexa requirida polo órgano concedente para os efectos de acreditar o adecuado destino das subvencións concedidas.

l) Rexistrar na ficha social SIUSS (Sistema de Información dos Usuarios de Servizos Sociais) todos os datos correspondentes aos usuarios dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.

2. Porén, en virtude do previsto no artigo 48.Un.f) da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, e ao abeiro do inciso final do primeiro parágrafo do artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como do inciso final do primeiro parágrafo do artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia, pola propia natureza das subvencións reguladas por esta orde, as corporacións locais que resulten beneficiarias destas subvencións quedarán exentas de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 20º.-Infraccións e sancións.

Será de aplicación aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Artigo 21º.-Reintegro das subvencións concedidas.

1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impidisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no número 3º do artigo 15 da propia Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexístrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade subvencionada.

3. A tramitación do correspondente procedemento de reintegro levarase a cabo conforme o disposto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título V do Decre-

to 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará aplicable para o seu cobramento o previsto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. Así mesmo, estas cantidades tamén se poderán facer efectivas mediante a aplicación da compensación de débedas.

Artigo 22º.-Control e seguimento.

